

ACORDO do 9 de maio de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico-PIA) do proxecto liña de alta tensión de infraestruturas de evacuación do parque eólico Carboeiro (expediente IN408A 2020/167). **Prazo para alegacións ata: 04/07/2022.**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220520/AnuncioG0596-100522-0005_gl.html

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

NOME DO PROXECTO	EMPRESA PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
<p>infraestruturas de evacuación do P.E. Carboeiro.</p>	<p>Green Capital Power, S.L. (CIF: B85945475)</p>	<p>A Laracha, Cerceda e Carral (A Coruña)</p>	<p>Obxecto:</p> <p>Co fin de evacuar os 36 MW de enerxía eléctrica xerada no parque eólico (PE) Carboeiro, proxéctase unha liña de alta tensión (LAT) de 132 kV, con inicio no pórtico situado na subestación eléctrica transformadora (SET) do PE Carboeiro (termo municipal da Laracha) e fin no pórtico situado na subestación colectora Meirama (termos municipais de Cerceda e Carral). Ademais, será preciso realizar unha ampliación da devandita subestación colectora Meirama.</p> <p>Características técnicas da instalación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A LAT obxecto da presente tramitación componse dun só tramo aéreo e ten unha tensión nominal de 132 kV. • A súa lonxitude aproximada será de 14.458 metros. • Constará dun circuíto simple en triángulo con condutor LARL-180, tendido sobre apoios de celosía de aceiro. • O número de apoios proxectados é de 55. • A LAT dispoñerá dun cable de fibra óptica tipo OPGW 2...48 para comunicacións. • A ampliación da subestación colectora Meirama, situada nas coordenadas UTM fuso 29 ETRS89: X=548.035 e Y=4.779.635: <ul style="list-style-type: none"> – Consistirá na ampliación do embarrado de 220 kV e na construción dunha posición combinada liña-transformador 220/132 kV. – A nova posición combinada liña-transformador estará conectada a barras de 220 kV e equipada cun transformador de 30/40 MVA ONAN/ONAF, de relación de transformación 220/132 kV e regulación en carga. – A aparellaxe de 220 kV e de 132 kV situarase no parque de intemperie e será de tecnoloxía convencional.

			<p>– Os sistemas auxiliares e de control aloxaranse no interior dun edificio prefabricado e estarán apoiados por un grupo electrógeno de instalación en intemperie.</p> <p>– A alimentación de servizos auxiliares será externa. Con este fin instalarase un centro de transformación de 50 kVA de potencia aparente e relación de transformación 20/0,42 kV.</p> <p>– Levarase a cabo unha extensión da urbanización da plataforma e un peche perimetral que independice as instalacións da ampliación proxectada do resto da subestación colectora.</p> <ul style="list-style-type: none">• Nin a SET do PE Carboeiro (nº de expediente IN408A 2019/13, actualmente en tramitación e promovido por Green Capital Power, S.L.) nin a subestación colectora Meirama (nº de expediente IN408A 2018/27, en tramitación e promovido por Naturgy Renovables, S.L.U.) forman parte do presente proxecto, fóra da ampliación desta última.• O punto de conexión final á rede de transporte será na existente subestación Meirama 220 kV. Esta conexión tampouco é obxecto do presente proxecto, senón do PE Meirama (nº expediente IN408A 2018/27).
--	--	--	--

Obxecto da información pública:

A solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto sectorial das instalacións.

• Documentación que se expón:

1. O proxecto de execución (marzo 2022-visado 4.4.2022).
2. O estudo de impacto ambiental (EIA) (setembro 2021-asinado 4.3.2022).
3. O proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico-PIA) (novembro 2020-visado 16.12.2020).